

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL
AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS
CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA**

Pontevedra, 6 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en nome da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010 e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 34.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Juan Manuel Rey Rey, Alcalde Presidente do Concello de Caldas de Reis, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, Manuel Campos Velay, Alcalde Presidente do Concello de Cuntis no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Doutra parte, María Luisa Piñeiro Arcos, Alcaldesa Presidenta do Concello de Moraña, no exercicio das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio de colaboración, e a tal efecto,

EXPOÑEN

1. O organismo autónomo Augas de Galicia, promoveu a construción do encoro de Caldas de Reis, no río Umia, procedendo a licitar o concurso da oportuna concesión administrativa no mes de outubro do ano 1997.

De acordo co previsto no artigo 132 e seguintes do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, aprobouse pola Presidencia de Augas de Galicia o anuncio de licitación do concurso da concesión administrativa. Neste concurso incluíase o preceptivo prego de bases ao que se suxeitaba a concesión do aproveitamento. A cláusula 4ª g) parágrafo segundo, do prego de bases dispoñía que:

"Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas ou ben o total anual do canon, si este fora de importe inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña. A materialización das mesmas levarase acabo a través da deputación de Pontevedra mediante un convenio."

2. Logo de iniciar a explotación do aproveitamento polo concesionario que resultou adxudicatario do concurso, fíxose preciso dar cumprimento ao establecido no prego de bases, mediante a sinatura dun convenio de colaboración dos previstos no artigo 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJPAC). O 13.11.2002, asinouse o convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación de Pontevedra, e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co obxecto de establecer o sistema de tramitación e xestión destas axudas.

3. O 22.04.2010, a presidenta de Augas de Galicia, asinou a resolución pola que se modificaban as bases ás que se axustaba a concesión indicada no punto 1, e dispoñía que a cláusula 4ª g) parágrafo segundo, quedara redactada do seguinte xeito:

"Aos mesmos efectos do canon anual ofertado, Augas de Galicia destinará a partir da data do comezo do devengo indicada no apartado e), unha cantidade máxima anual de sesenta millóns de pesetas- ou ben o total anual do canon, si este fora de importe

inferior- para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña, esta cantidade revisarase anualmente en función do IPC. A materialización das mesmas se levará a cabo a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.”

4. No 2010 procedeuse a adaptar a xestión destes fondos á nova redacción do prego de bases. Asemade, para unha máis eficaz xestión e celeridade no procedemento de transferencia, procedeuse a realizar algúns cambios que motivaron a elaboración dun novo convenio. Polo que o 22.11.2010 asinouose un novo convenio de colaboración, tendo en conta o carácter das administracións públicas que interveñen, e o obxecto deste convenio no que os tres concellos asumirán a condición de beneficiarios da axuda outorgada pola Comunidade Autónoma e a Deputación Provincial de Pontevedra asumirá a condición de entidade colaboradora na xestión e tramitación desta axuda, incluída a entrega dos fondos públicos aos beneficiarios, de conformidade co previsto na normativa autonómica reguladora das axudas e subvencións, e concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, (RSG).

5. O citado convenio tivo unha vixencia ata o 31.12.2010, tramitándose con posterioridade catro convenio que remataron, respectivamente, o 31.12.2011, 31.12.2012, o 31.12.2013 e 31.12.2014. E, por último, tramitouse un convenio con vixencia ata o día 31.12.2015.

6. Finalizada a vixencia do convenio anterior, procede agora tramitar un novo convenio con vixencia ata o día 31.12.2016.

En consecuencia, as partes subscriben este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas que rexerán a colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os

concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, co fin de dar cumprimento ao establecido na cláusula 4ª apartado g) do parágrafo segundo do prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis (en adiante, prego de bases).

De acordo co anterior, preténdese con este instrumento de colaboración un dobre obxectivo:

1. Establecer as condicións nas que a Deputación de Pontevedra asume o carácter de entidade colaboradora, de acordo co previsto no artigo 9 da LSG.
2. Desenvolver o réxime da axuda prevista aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, de conformidade co previsto no artigo 26 da LSG.

SEGUNDA.- CONTÍA DAS AXUDAS

Augas de Galicia en cumprimento do prescrito no citado prego de bases, destinará unha cantidade máxima de 386.354,13 € para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social realizadas a partir do 01.01.2016 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña.

A dita cantidade correspóndese co importe fixado no convenio asinado o 17.09.2015 de 386.354,13 €, dado que a variación do Índice Xeral Nacional de Prezos ao Consumo (IPC) desde decembro do ano 2014 ata decembro do ano 2015, foi de 0%.

O reparto destas cantidades, efectuarase do seguinte xeito:

Caldas de Reis	128.784,71
Cuntis	128.784,71
Moraña	128.784,71

TERCEIRA.- ENTIDADE COLABORADORA

A Deputación Provincial de Pontevedra, asume a condición de entidade colaboradora, para os efectos do previsto no artigo 9 da LSG, colaborando na xestión e distribución das axudas previstas na cláusula segunda e de conformidade co previsto na cláusula 4ª g) do prego de bases da concesión. A estes efectos a deputación provincial asume, de acordo co previsto no artigo 12 da LSG, as seguintes obrigas:

- a) Entregarlles aos beneficiarios os fondos recibidos de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención que se concretan no presente convenio.
- b) Comprobar a realización da/s actividade/s e o cumprimento da finalidade que determinan a concesión ou o gozo da subvención.
- c) Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano que concedeu a subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos devanditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

CUARTA.- BENEFICIARIOS

Os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña asumen a condición de beneficiarios das axudas previstas no prego de bases da concesión e no presente instrumento de colaboración, para aquelas actividades incluídas no ámbito material previsto, cando se desenvolvan no eido territorial de cada concello.

As entidades beneficiarias, asumen, de acordo co previsto no artigo 11 da LSG, os seguintes compromisos:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

- b) Xustificar ante a Deputación de Pontevedra, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Deputación de Pontevedra, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle á Deputación de Pontevedra a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Corresponde aos concellos beneficiarios a presentación ante Augas de Galicia dunha relación das actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social que se pretendan financiar no exercicio orzamentario.

Corresponde a Augas de Galicia a aprobación destas actuacións concretas, que se incorporan como anexo a este documento.

QUINTA.- PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DAS AXUDAS

Augas de Galicia financiará as actuacións ata un máximo de importe que será actualizado anualmente mediante o incremento do IPC de acordo co previsto no prego de bases da concesión, para o caso de prórroga do convenio. A citada actualización efectuarase tendo en conta a variación experimentada polo IPC dende a última actualización do importe da axuda e ata o último dato publicado na data de inicio de tramitación do convenio, ou no seu caso, e como máximo, en función do IPC dos doce meses inmediatamente anteriores a esta data. As contías referidas na cláusula segunda ingresaranse mediante transferencia bancaria á Deputación Provincial de Pontevedra, na súa calidade de entidade colaboradora. Esta transferencia, realizarase en todo caso, no prazo dun mes a contar dende a data de xustificación das actuacións por parte dos concellos perante a deputación de Pontevedra. O gasto derivado da execución desta actuación imputarase na conta 6516 "Subvencións correntes a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

SEXTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS POR PARTE DOS BENEFICIARIOS

En canto ao réxime de xustificación dos gastos por parte dos tres concellos beneficiarios das axudas, será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

De acordo coa citada normativa, os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, asumen como beneficiarios das axudas previstas neste convenio, e respecto da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa condición de entidade colaboradora e xestora das mesmas, as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da LSG, unha vez rematadas as actuacións, por parte de cada concello deberá ser xustificado perante a Deputación de Pontevedra o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. A referida xustificación deberá presentarse antes do 15 de novembro do exercicio.
- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
- Comunicar á Deputación Provincial de Pontevedra, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- Reintegrar á Deputación Provincial de Pontevedra, (e esta, á súa vez, a Augas de Galicia) de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento neste convenio para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, todas as obrigas que, para o mesmo establece o citado artigo, e especialmente a

conservación dos documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

- A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

SÉTIMA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN DA ENTIDADE COLABORADORA

Unha vez presentada a xustificación polos concellos, a Deputación Provincial de Pontevedra, na súa condición de entidade colaboradora, de acordo co previsto no artigo 12 da LSG, deberá presentar certificación acreditativa do cumprimento por parte dos concellos das obrigas recollidas na cláusula anterior. Esta certificación deberá achegarse antes do día 20 de decembro ante Augas de Galicia. Asemade, e de acordo co apartado d) do mesmo artigo, someterase ás actuacións de comprobación que respecto da xestión dos fondos poida efectuar o órgano que concede, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Constitúese unha comisión de seguimento do presente convenio, presidida pola Dirección de Augas de Galicia e formada polos seguintes representantes:

- Un representante de Augas de Galicia
- Un representante da Deputación de Pontevedra
- Un representante do concello de Caldas de Reis
- Un representante do concello de Cuntis
- Un representante do concello de Moraña

Esta comisión realizará as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio.
- Interpretar en caso de dúbida o contido deste.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir nas súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento deste convenio.

NOVENA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

A xurisdición competente para resolver as cuestión litixiosas que poidan xurdir é a contencioso-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que ao réxime do financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na citada Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia.

DÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio será efectivo a partir da data da súa sinatura, sendo non obstante de aplicación, con carácter retroactivo, ás actividades realizadas dende o 01.01.2016, de conformidade co disposto na cláusula segunda, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2016, podendo ser prorrogado de forma expresa mediante a subscripción da oportuna addenda.

UNDÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Este convenio poderá resolverse por algunha das seguintes causas:

- Polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.
- Por mutuo acordo.

DUODÉCIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes este documento, no lugar e data do encabezado.

A presidenta de Augas de Galicia

Beatriz Mato Otero

O alcalde do Concello
de Caldas de Reis

Juan Manuel Rey Rey

A alcaldesa do Concello de Moraña

María Luisa Piñeiro Arcos

A presidenta da Deputación Provincial de
Pontevedra

María del Carmen Silva Rego

O alcalde do Concello de Cuntis

Manuel Campos Velay



ANEXO

**ACTUACIÓNS DE CARÁCTER EDUCATIVO,
CULTURAL E DE ASISTENCIA SOCIAL**

ACTUACIÓNS DO CONCELLO DE MORAÑA

A) AREA DE SERVICIOS SOCIAIS

1.- Festa da Terceira Idade: homenaxe municipal aos veciños de Moraña maiores de 60 anos, como recoñecemento a toda unha vida dedicada aos demais, cun presuposto de 11.000,00 euros.

2.- Programa de axudas a entidades benéficas e asistenciais: mediante o cal o concello financia os gastos daquelas asociacións relacionadas cos servizos sociais a minusválidos, persoas da terceira idade, etc., cun presuposto de 5.000,00 euros.

B) AREA DE EDUCACION E CULTURA

3.- Festa do Carneiro ao Espeto: actos que se organizan durante o mes de xullo de cada ano con motivo da celebración da Festa Gastronómica do Carneiro ao Espeto, declarada de interese turístico pola Xunta de Galicia, cun presuposto de 70.000,00 euros.

4.- Festas de Carnavais e do magosto actos organizados na semana do entroido para fomentar o mantemento das tradicións carnavalecas e do entroido no municipio e do magosto para festexar a festa do San Martiño e o sabaín , cun presuposto de 4.000,00 euros.

5.- Festas nas parroquias do municipio: para fomentar o mantemento das festas tradicionais das distintas parroquias do municipio, o concello financia o gastos das Bandas de Música para as festas parroquiais, cun presuposto de 5.500,00 euros.

6.- Festas do Nadal, Cabalgata de Reis: actos organizados nos meses de decembro e xaneiro de cada ano para conmemorar a festividade do nadal e o novo

ano, cun presuposto de 15.000,00 euros.


7.- Festa da bicicleta: tódolos anos organízase unha marcha cicloturística que fomenta a práctica do deporte e o uso da bicicleta entre os veciños, e ó mesmo tempo o coñecemento de lugares importantes (igrexas, zonas recreativas etc), cun presuposto de 2.000,00 euros.

8.- Actividades deportivas, de ocio e benestar: organización de actividades deportivas para os mozos e de ocio e benestar para as persoas da terceira idade e actividades culturais en centros de cultura, cun presuposto de 10.000,00 euros.

9.- Escuela Municipal de Música: o concello ten en funcionamento unha Escola Municipal de Música, na que se imparten actividades musicais, cun presuposto de 25.000,00 euros.

ACTUACIÓNS DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

- 
1. AXENDA CULTURAL DE CALDAS
 2. CABALGATA DE REIS
 3. ENTROIDO
 4. KALDARTE
 5. PLAN CULTURAL DE FESTAS POPULARES
 6. FESTAS PATRONAIS DE SAN ROQUE E SANTA MARÍA
 7. PROGRAMACIÓN DEPORTIVA
 8. FEIRA "CULTURA DO VIÑO"
 9. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO
 10. FESTA DO MAGOSTO
 11. CELEBRACIÓN DO BICENTENARIO FRANCISCO JOSÉ DE CALDAS



1. AXENDA CULTURAL DE CALDAS


A Concellería de Cultura edita a Axenda Cultural de Caldas. Programación mensual de actividades organizadas polas distintas áreas do Concello e tamén polas asociacións do municipio. Así, mensualmente, o Departamento de Cultura aglutina e coordina a oferta cultural caldense. Imprime e fai a distribución da cartelería, folletos e tamén nas redes sociais.

Orzamento: 3.000 euros



2. CABALGATA DE REIS.

A Cabalgata de Reis é unha celebración moi concorrida e que goza de moita popularidade.



Dende as cinco da tarde, os Reis Magos están a disposición dos nenos e nenas no Auditorio Municipal para facerse fotografías cos cativos e escoltar os seus desexos. E a continuación celébrase a cabalgata polas rúas de Caldas, cun percorrido en carrozas co seu séquito persoal, con caramelos e agasallos para os máis pequenos, chegando á Praza das Palmeiras onde fan a adoración nocturna nun nacemento vivinte. Para rematar, o grupo de danzas folclóricas de Caldas agasalla aos Reis con pezas e cantigas tradicionais.

Pola noitiña os Reis de Oriente aínda teñen folgos para visitar aos residentes do Asilo de Anciáns e agasallalos con doces e produtos da terra.

Orzamento: 7.370,00 euros

3. ENTROIDO

En Caldas xa hai anos que o entroido vívese de xeito intenso entre a poboación. As partes centrais da actividade son o desfile do Domingo de Entroido e o Enterro da Sardiña.

Poden participar persoas de xeito individual, por parellas e grupos, preparando os disfraces, coreografías e posta en escea.

Establécense varias categorías con premios en metálico para o domingo do desfile que se entregan despois da deliberación dun xurado composto por membros de entidades representantes do pobo.

En canto ao Enterro da Sardiña, a elaboración da sardiña é todo un acontecemento xa que se xuntan persoas de diversas idades para deseñar e decorar a sardiña, pero por outro lado inventan as 'letanías', coplas e disposición dos disfraces.

Orzamento: 4.384,00 euros.

4. KALDARTE

Kaldarte representa un espazo para as ideas dos alumnos/as dos últimos cursos da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo, principalmente, aínda que tamén se invita a artistas xa recoñecidos. Baixo unha temática deberán presentar proxectos para a realización de intervencións artísticas nos espazos da vila. De entre as propostas recibidas son elixidos entre seis e oito proxectos que se executaran durante unha semana de xullo. As obras son realizadas no mesmo espazo da exposición, co cal crease unha interrelación entre os artistas e o público, no momento de execución das obras.

Kaldarte non pretende obras perdurables senón que trátase de arte efímera e pública. No momento da inauguración faise un percorrido interpretativo por Caldas.

Orzamento: 7.497,00 euros.

5. PLAN CULTURAL PARA FESTAS POPULARES

O Concello de Caldas fai unhas colaboracións anuais coas distintas asociacións musicais do municipio, como son a Escola de Danzas e Gaitas de Caldas, a Coral Polifónica de Caldas e o Grupo Parroquial de Arcos da Condesa, así como a Banda Municipal de Música, no que se contratan un número de actuacións dispoñibles para as distintas comisións que ao longo do ano organizan as festas con arraigo tradicional.

As comisións de festas ou de veciños solicitan a actuación correspondente para cantar a misa, facer alborada ou actuacións musicais de danza tradicional.

Orzamento: 17.100,00 euros

6. FESTAS PATRONAIS DE SAN ROQUE E SANTA MARÍA

As Festas Patronais de San Roque conforman a actividade cultural por antonomasia do Concello de Caldas de Reis, son as festas maiores e que máis asistencia teñen de toda a comarca de Caldas.

As distintas actividades que se organizan teñen un carácter pluridisciplinar e interxeneracional, onde as actividades populares teñen un papel principal: verbenas, representacións teatrais, actividades infantís, deportivas, exposicións, folclore, etc.

Así mesmo, destaca como actividade importante a V Feira Tradicional de Caldas, que presenta unha representación das feiras que se celebraban na Carballeira de Caldas, e na que participan @s caldenses caracterizados da época, presentando á súa vez oficios, postos e tradicións etnográficas propios da Galiza do século XIX. Está previsto tamén organizar un xantar popular, feira de cabalos e exhibición de cetrería.

Orzamento: 62.000,00 euros

7. PROGRAMACIÓN DEPORTIVA

Durante todo o ano o Concello, a través do Monitor Deportivo organiza distintas actividades deportivas para xoves e nenos, como torneos de baloncesto e fútbol, tenis de mesa, carreira popular polas rúas de Caldas, xadrez, etc.

Así mesmo lévase a cabo ximnasia de mantemento para mulleres e persoas maiores, así como petanca e xogos populares.

O lugar de desenvolvemento das actividades varía segundo as necesidades dos grupos así como da meteoroloxía. O Concello conta co Pavillón Municipal como base para a realización de actividades deportivas, pero tamén se levan a cabo as actividades no espazo público sempre que sexa posible, ou en centros sociais das distintas parroquias. As actividades deportivas gozan de moita asistencia de público e sempre garanten os obxectivos marcados en canto a participación e integración social.

Orzamento: 4.280,00 euros



XUNTA
DE GALICIA



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



CONCELLO
DE CUNTIS



8. FEIRA "CULTURA DO VIÑO"

Esta será a edición número XVII da Feira Cultura do Viño en Caldas; un espazo de tradición e sabor onde a participación cidadán é moi notable.

A mostra lévase a cabo durante tres días dunha fin de semana na Praza do Camiño, a pé do Camiño de Santiago. As adegas participantes pertencen todas á zona do Salnés, e o viño está dentro da Denominación de Orixe "Rías Baixas". Pero trátase de pequenos produtores que elaboran os seus caldos de xeito artesanal.

Organízase un concurso de cata entre as adegas participantes así como unha cata comentada. Por outra banda tamén se presentan produtos derivados do mel e participa unha pulpeira tradicional e distintas degustacións de produtos gastronómicos.

Paralelamente lévanse a cabo actividades folclóricas, solidarias, infantís e musicais, creando así un ambiente de integración e convivencia nun entorno natural.

Orzamento: 7.680,00 euros

9. PUBLICIDADE E DIFUSIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO

A promoción turística é un dos obxectivos do Concello de Caldas como un dos pilares de desenvolvemento local e imaxe do municipio.

As actividades principais que se levan a cabo para a promoción do turismo son:

- Oficina Municipal de Turismo
- Publicidade nos medios de comunicación
- Participación en feiras

A Oficina de Turismo abre durante os meses de verán para atender as demandas e a atención en destino aos visitantes. O Concello convoca unha beca para realizar tarefas

en dito centro de información. A través de folletos, material e visitas guiadas da a coñecer os recursos turísticos de Caldas e da súa comarca.

Así mesmo contrátase cos principais medios escritos da provincia e comarca uns espazos de publicidade en fechas e actividades determinadas, como son as Festas Patronais, o Nadal, etc.

Outra das actividades de fomento do turismo é a asistencia cun stand á Feira Internacional de Turismo Termal Termatalia, que se celebra en Ourense, sendo a única feira especializada no sector termal de todo a territorio español. O Concello de Caldas quere destacar a vila termal como punto de encontro e cultura, así como potenciar o municipio no Camiño de Santiago Portugués.

Orzamento: 11.200,00 euros

10. FESTA DO MAGOSTO

A festa do magosto realízase nunha praza céntrica do concello. Dende pola tarde as asociacións colaboran cos preparativos pelando as castañas, preparando as brasas, ou dispoñendo o material necesario.

Despois de asadas as castañas faise un reparto a todos os participantes acompañado de viño novo e bailando ao son dun grupo de música popular.

O Magosto trátase dunha celebración local pero moi participativa e arraigada na poboación, por iso a asistencia de xente soe ser moi alta.

Orzamento: 2.283,00 euros.

11. BICENTENARIO FRANCISCO JOSÉ DE CALDAS

O Concello de Caldas de Reis programará ao longo deste ano 2016 diversas accións para conmemorar o bicentenario da morte de Francisco José de Caldas (1768-1816), recoñecido científico e heroe da independencia de Colombia, que é un símbolo de ciencia, progreso e liberdade nacional nese país.

O seu pai, José de Caldas, naceu en 1735 en Caldas de Reis (Arcos da Condesa), chegou a ser alcalde da cidade colombiana de Popayán, unha das máis importantes do virreinato do Novo Reino de Granada.

Francisco José de Caldas foi xeógrafo, botánico, astrónomo, naturalista, xornalista científico e tamén precursor da enxeñería militar en Colombia. Xa era coñecido no seu tempo como "O Sabio Caldas", grazas ao seu coñecemento en diferentes áreas científicas.

A memoria de Francisco José de Caldas está moi presente en toda Colombia, ata o punto de que levan o nome de "Caldas" un Departamento (rexional), varios municipios, dúas universidades, prazas, rúas, monumentos, institutos e programas científicos que fan honra á súa figura.

Por este motivo, o Concello de Caldas de Reis quere recuperar a memoria deste ilustre fillo de Caldas, con motivo do bicentenario do seu falecemento, unha excelente ocasión para dar a coñecer e difundir a súa vida e a súa obra, non só en Caldas de Reis senón en toda España. Para iso, desenvolveranse múltiples iniciativas ao longo de todo o ano, en colaboración con diferentes institucións e entidades españolas e colombianas.

Levarase a cabo unha exposición e unha unidade didáctica en torno á figura e o contexto histórico do Sabio Caldas, un seminario con profesores da Universidade Distrital Francisco José de Caldas e a Fundación Fundacaldas, así como a inauguración dunha plaza en Arcos da Condesa.

Orzamento: 12.500,00 euros.

ACTIVIDADES DO CONCELLO DE CUNTIS

1. ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E CULTURAIS.-

1.1.- Un inverno de Entroido

Este é un programa cultural e de ocio que engloba unha variada selección de actividades que se realizan arredor do entroido, unha tradición fortemente arraigada no noso Concello e que remata coa celebración da Festa do Lacón con Grelos. Nesta oitava edición comezou no mes de xaneiro e prolongouse ata o 26 de febreiro, co seguinte programa de actividades:

- OBRADOIRO DO CHAPANTE
- BANDA DO CHAPANTE
- VII TAPALACÓN
- OBRADOIRO DE MAQUILLAXE E
- BAILE DE DISFRACES INFANTIL
- DESFILE E CONCURSO DE ENTROIDO
- GALA DO CHAPANTE
- V VESPAGUATEQUE
- XIX FESTA DO LACÓN CON GRELOS
- OBRADOIRO DA CAMELIA
- IV CURTALACÓN

1.2.- Desfile-Concurso do Entroido

Celebración de arraigada tradición neste municipio que continúa cada ano grazas á participación, empeño e ilusión dos habitantes do Concello.

É un espectáculo de contemplación, pero tamén de participación e integración, onde os espectadores, ao final, se acaban mesturando cos entroidos e divertindo na Praza da Constitución.

O día de celebración sempre é o domingo de entroido pola tarde, co seguinte programa: desfile de comparsas, grupos, parellas e individuais.

1.3.- Lacón con grelos

O domingo seguinte ao domingo de entroido é o día de celebración desta festa gastronómica do Lacón con Grelos, que este ano coincideu no día 14 de febreiro de 2016, na súa XIX Edición, declarada de Interese Turístico de Galicia.

A festa inclúe outras moitas actividades paralelas que se organizan arredor desta xornada gastronómica: V Ruta BTT do Lacón con Grelos, pregón a cargo de ALDAOLADO, exposicións ("X edición A Camelia no Lacón con Grelos", "Artes de caza antigas", "Motos Velosolex desde o ano 44 e ata o 66'", "Cuntis, unha viaxe pola súa historia", "Cerámica de Castrolandín", "VIII Mostra de Encaixe"), feira de artesanía e produtos agroalimentarios, obradoiros de artesanía (olería, cestería, tear, bolillos, instrumentos tradicionais...), VIII Vespalacón (con exposición e percorrido de vespas e lambrettas polas distintas aldeas das parroquias do municipio), música tradicional e mostra de Entroido Tradicional: "Folión e Boteiros de Vilariño de Conso", A Carpa dos Nenos, actuación musical da Orquesta de Acordeóns Voces AROSA BAY, concerto de Odaiko xunto coa Banda Infantil da Escola Municipal de Música de Cuntis e remata festa co velorio e posterior Enterro do Chapante, acompañados pola "Banda do Chapante", que se encarga de acompañalo no seu derradeiro adeus cunha canción elaborada para a ocasión. No apartado propiamente gastronómico repartíronse 2.500 racións de lacón con grelos e filloas que a organización se encargou de preparar; distribuíndose entre os restaurantes, bares e casas de comidas da vila o resto dos e das visitantes que acudiron a esta cita gastronómica.

1.4.- I Festa das Letras

O martes 17 de maio desde as nove e media da mañá comezaremos a desenvolver o extenso e atractivo proxecto denominado "I ROMAXE DAS ARTES E AS LETRAS" que se levará a cabo ao longo de toda a xornada e que constará das seguintes actividades:

- Ofrenda floral a Roberto Blanco Torres
- I Xuntanza dos poetas galegos. Recitado de poesía no "Rincón da Poesía"
- Exposición e venda de flores, plantas, artesanía e libros durante todo o día.
- Música polas rúas do casco antigo
- Concurso de pintores e pintoras profesionais ao aire libre
- Encontro de Clubes de Lectura
- Actuación de maxia na rúa para todos os públicos
- Concerto da Banda Xuvenil de Barro
- Xogo de rol pola vila, para grupos desde os 12 anos
- Concerto infantil "Os Piñeirños"
- Representación de Micro-Teatro polas distintas rúas e prazas da vila
- Exposición das obras dos pintores
- Actuación de Aldaolado
- Concertos musicais en directo:
 - LULAVAI
 - MANOELE DE FELISA

2.-PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E CULTURAIS.-

2.1. Promoción das festas populares: festas patronais

Durante os días 15, 16, 17 e 18 de agosto de 2016 celebraranse en Cuntis as festas patronais, durante as cales se levarán a cabo un programa de actividades para todos e todas as veciñas e visitantes, distribuído nos catro días, durante os cales haberá:

- tirada de foguetes
- pasarrúas
- misas cantadas acompañadas de corais
- actuacións de bandas de música e agrupacións de gaitas e baile tradicional
- xogos populares para todos, grandes e pequenos.
- inchables para nenos e nenas
- carreira de camas
- actuación de dúas orquestas cada día
- concerto folk
- etc.

Da organización deste evento encárgase a Asociación Festas do Baño, coa que colabora o Concello.

2.2.- Promoción do noso patrimonio a través da Fundación Terra Termarum Castrolandín:

A Fundación Terra Termarum Castrolandín constituída en 2001 en Cuntis (Pontevedra), e declarada ese mesmo ano de interese galego. Ten como obxectivo principal a xestión integral, estudo e promoción do xacemento arqueolóxico de Castrolandín, así como a protección e difusión da cultura castrexa e da romanización en Galicia. O seu ámbito de influencia principal é galego, aínda que actividades puntuais (como os campos de traballo) poden atraer a persoas do resto da península. Os colectivos destinatarios son moi diversos: veciños de Cuntis, colexios de toda Galicia, practicantes do turismo cultural e termal, e mesmo colectivos moi específicos como a colaboración coa Asociación de Altas capacidades de Galicia, ou internos do Centro Penitenciario de A Lama.

Dende 2001 a fundación ten colaborado e contratado traballos con diferentes institucións (Universidade de Santiago, Dirección Xeral de Patrimonio, Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, Consejo Superior de Investigaciones Científicas) e empresas privadas vinculadas á xestión patrimonial.

OBRADOIRO EXPERIMENTAL DE CERÁMICA CASTREXA: En funcionamento dende o ano 2005, potenciamos o coñecemento da cultura castrexa mediante o estudo do material cerámico procedente das escavacións do xacemento de Castrolandín (Cuntis) Pontevedra e a posta en marcha dun taller produtivo de réplicas arqueolóxicas do devandito material.

SERVIZO DE ATENCIÓN A VISITANTES: A Fundación dispón dun servizo de atención a visitantes ao Xacemento arqueolóxico de Castrolandín, ao Obradoiro de Cerámica Castrexa situado na Sede da Fundación, así como a realización de visitas guiadas para grupos organizados.

CELEBRACIÓN DO SAN XOÁN: Dende o 2000 se ven a celebrar a festividade de San Xoán na croa de Castrolandín, de acordo cun ritual que fora interrompido en 1945. Deste xeito non só se recupera unha valiosa tradición, senón que se converte o xacemento nun lugar de ocio e encontro da comunidade.

EXPOSICIÓN: Na sede da Fundación Terra Termarum encóntrase unha exposición permanente da cerámica castrexa en Galicia.

2.3.- Promoción do deporte como fomento dos valores educativos:

- Ningún neno/a sen saber nadar: cursos de natación.
- Maratón de San Antón.
- Promoción do fútbol: Para que os/as nenos/as poidan mellorar tanto a convivencia entre eles/as e tamén tecnicamente, así como o seu desenvolvemento físico inscríbense na Escola de Fútbol. Desde esta escola deportiva e a través do "Atlético

Cuntis, Club de Fútbol", os/as nenos/as participan en todo tipo de competicións oficiais e/ou locais. Esta Escola deportiva funciona con técnicos do Atlético de Cuntis, mediante convenio co Concello de Cuntis.

Esta actividade desenvólvena nas seguintes categorías: aficionados (a partir de 19 anos), xuvenís (16 a 19 anos), cadetes (15,16 anos), infantís (13, 14 anos), alevín (11, 12 anos), benxamín (8,9, 10 anos) e prebenxamín (6 e 7 anos).

Así mesmos o Concello tamén colabora con outro clube de fútbol que é o "Clube de Cuntis Veteranos", integrado por aficionados xa veteranos que non só practican este deporte e xogan as súas ligas; senón que realizan outras actividades tamén destinadas aos nenos e nenas como é a que levan a cabo no período estival: o "Torneo de Fútbol Sala" no que participaron nenos e nenas desde os 6 anos, cun gran éxito de participación, durante todos os venres de xullo e os dous primeiros de agosto.

2.4.- Promoción de actividades extraescolares:

Co obxecto de colaborar con soportes técnicos no proceso de normalización lingüística nun ámbito tan esencial e fundamental como é a educación escolar, este Concello colabora co CPI DON AURELO M. R. de Cuntis e, concretamente, co equipo de normalización lingüística do Centro. Deste xeito poden levar a cabo unha serie de actividades como as que a continuación se relacionan:

- Dinamización do blog do ENDL
- Participación no certame de Contacontos "tíralle da lingua"
- Proxecto Musigal
- Intercambios con outros colexios
- Obradoiros varios
- Teatro escolar
- Novas edicións do concurso literario de cartas de amor
- Dinamizando os recreos I: os xogos populares e tradicionais
- Dinamizando os recreos II: o xadrez
- Certames na nosa lingua (certame de debuxos)

- Dinamización do museo pedagóxico do CPI Aurelio M. Rey García
- Fomento da banda deseñada e cinema en galego (compra de banda deseñada e filmes en galego)
- Galeguización do centro
- Participación no tren da lingua.

3.-SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.-

3.1.- Programa de axuda no fogar

Ó abeiro da orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, este servizo ten por finalidade a prestación dun conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora aos cidadáns, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar.

Este servizo ten consideración de prestación básica, que ofrecerá unha atención integral e polivalente aos/as usuarios/as, abarcando a cobertura de diferentes necesidades da persoa e/ou familia, apoiando e fomentando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida.

O desenvolvemento deste servizo realízase de conformidade co Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar e a Ordenanza Reguladora da Taxa pola prestación do SAF publicada no BOP de Pontevedra con data do 17 de xuño de 2014

As modalidades de acceso a este programa, establececese mediante o sistema de:

- Prestación básica, libre concurrencia
- Sistema de dependencia, dirixido a persoas recoñecidas como dependentes e tendo aprobado un programa individual de atención cuxo recurso sexa o SAF.

Atencións:

- De carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria:
 - Asistencia para levantarse ou deitarse
 - Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse

- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse
 - Supervisión do estado de saúde, se procede, da administración da medicación prescrita por facultativos
 - Apoio ou axuda para cambios posturais, mobilizacións, orientacións espacio-temporais.
 - Apoio as persoas afectadas por problemas de incontinencia.
 - Adestramento na realización das actividades da vida cotiá no entorno doméstico que potencien a autonomía do/a usuario/a.
 - Acompañamento fora do fogar para acudir as consultas, tratamentos ou a outras actividades de ocio e/ou convivencia social.
 - Apoio na realización de xestións necesarias e urxentes.
- Atencións de carácter doméstico e da vivenda, tales como.
- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
 - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
 - Preparación de alimentos
 - Lavado, coidado das prendas de vestir e pasar o ferro.
 - Coidados básicos da vivenda
 - Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio do/a usuario/a, referenciada no proxecto individual de intervención.
- Atencións de carácter psicosocial: Que favorezan a participación familiar e co entorno, así como de apoio ao desenvolvemento de capacidades persoais tales como a afectividade, a convivencia na estrutura familiar, facilitar actividades de ocio no propio fogar, apoio e orientación nos cambios da dinámica e estruturación familiar, a integración na comunidade, de acompañamento fora do fogar para a realización de xestións básicas como facer a compra ou ir ao médico, etc.
- Atencións de carácter socioeducativo: Son aquelas intervencións formativas, entre outras, na adquisición de hábitos e habilidades e de organización, tales

como: cambios de hábitos de orde e limpeza, apoio na organización do orzamento familiar, práctica en habilidades sociais, organización doméstica, apoio no manexo da correspondencia, teléfono, etc.

- Atencións de carácter técnico e complementario: Dispositivos de teleasistencia domiciliaria ou teleseguemento, adaptacións funcionais do fogar, prestacións de axudas técnicas, servizo de podoloxía, fisioterapia ou terapia ocupacional.

Actividades:

- Visitas domiciliarias de valoración, seguimento e control.
- As prestacións básicas do servizo desenvolvidas polas auxiliares.
- Reunións semanais co persoal técnico da empresa prestadora do servizo.
- Reunións con outros/as profesionais (médicos, practicantes, educadora familiar, etc).

Nº de persoas usuarias do servizo:

- Axuda no fogar na modalidade de prestación básica: 30 persoas
- Axuda no fogar na modalidade de dependencia: 40 persoas
- Teleasistencia domiciliaria: 8 persoas.

Ó longo do ano, a prestación deste servizo pódese incrementar a máis usuarios/as, en función das demandas presentadas e concesións de PIAS de dependencia.

3.2.- Obradoiros integradores

Realízanse durante oito meses ao ano en distintos locais do concello.

As actividades que se levan a cabo son, entre outras:

- Pintura en tela
- Decorados de tellas
- Tapices
- Elaboracións de pezas de bisutería
- Actividades de restauración
- Bordados.
- Pintura de cadros e tapices
- Tallado de vidro
- Restauración.

3.3.- Programa de intervención para persoas con discapacidade intelectual

Proxecto Habilitas 2016: dirixido a persoas con discapacidade intelectual e as súas familias, para o desenvolvemento de habilidades e destrezas coa finalidade de mellora e integración no noso entorno deste colectivo

Contidos e actividades do proxecto

Programa Global de autonomía

Desenvolvemento de habilidades adaptativas
Estimulación cognitiva

Programa Sociolaboral e Emprego

Habilidades prelaborais coma manexo funcional do diñeiro
Iniciación no coñecemento do mundo laboral

Actividades de Ocio e Comunitarias

Participación na comunidade: actividade pre-deportiva e deportiva no pavillón municipal de deportes.
Festa do Lacón de Cuntis.
Obradoiro de cerámica na Fundación Terra Termarun

Espazo para as familias

Espazo de convivencia grupal das familias.

Entrevistas personalizadas cos familiares de cada participante

3.4.- Programa de formación de adultos:

Esta actividade está dirixida @s persoas maiores de 18 anos, ou menores que tiveran un contrato laboral, que non remataron con éxito a súa formación educativa básica e/ou abandonaron o ensino secundario, empadroados/as no concello de Cuntis. Tamén integráronse @s que tiñan o título de Graduado Escolar e queren obter o Graduado en Secundaria.

A formación básica para as persoas adultas organízase en dúas etapas:

- A formación básica inicial.
- As ensinanzas conducentes a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

3.5.- Programa de axudas de apoio ao estudo con destino a familias en situación de dificultade socio-económicas

O obxecto deste programa é regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias con dificultades socioeconómicas para o apoio ao estudo no curso escolar 2016/2017.

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de organismos públicos ou privados, sempre e cando a suma de tódalas axudas non excedan do cen por cen do custe total.

Estableceranse dous tipos de axuda:

1º.- Axudas para libros e material escolar necesarios para o alumnado da segunda etapa de educación infantil.

2º.- Axudas complementarias para alumnado de E. Primaria e ESO, referente ao material escolar.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as familias empadroadas no Concello de Cuntis que teñan menores ao seu cargo, matriculados para o curso 2015/2016 no centro de ensino público de Cuntis, que reúna os requisitos establecidos nas bases da convocatoria e non superen o límite de acumulación de recursos regulados nas devanditas bases. Tamén será necesario acadar a puntuación necesaria segundo baremo, dentro da capacidade orzamentaria asignada para tal concepto.

3.6.- Servizo de atención á muller:

No ano 2012, subscríbese un contrato administrativo de servizos en materia de asistencia xurídica e psicolóxica para a atención á muller, por un período de dous anos, e prorrogable dous anos máis.

O persoal deste programa é unha psicóloga, con funcións de atencións e actividades terapéuticas as mulleres e as súas familias e unha avogada para prestar asesoramento xurídico.

A intervención psicolóxica realízase unha vez a semana durante dúas horas e o asesoramento xurídico segundo a demandas que se presenten.

Todas estas intervencións realízanse no departamento de servizos sociais deste concello.

En relación co servizo de atención psicolóxica, as funcións máis concretas son:

- Atención psicosocial ás usuarias e as súas familias derivadas polo Departamento de Servizos Sociais.
- Terapia familiar

- Participación no ámbito comunitario, educativo e asociativo en actividades vinculadas á protección da muller e nos proxectos de carácter preventivo.
- Elaboración de estudos, informes e memorias.

Co servizo de asesoramento xurídico as funcións serían:

- Asesoramento individual ás mulleres e as súas familias en materia de dereito de familia, civil e/ou penal.
- Canalización das demandas hacia outros recursos xurídicos: xustiza gratuita, recursos e prestacións económicas, etc.
- Participación no ámbito comunitario, educativo e asociativo en actividades vinculadas á protección da muller e nos proxectos de carácter preventivo.
- Elaboración de estudos, informes e memorias.

O custo do servizo distribuídos entre persoal (psicóloga e avogada) e o desenvolvemento das distintas actividades ao longo do ano ascenderá a 6000,00 €, imputando a Augas de Galicia 4500,00 €

3.7.- Ximnasia de mantemento:

Esta actividade enmarcada no programa de envellecemento activo, lévase realizando dende fai varios anos. Para o presente ano, desenvolveuse durante 9 meses.

Este programa está baseado nun conxunto de actividades encamiñadas a conservación e mellora da condición física, coa aplicación de exercicios físicos de mantemento, tonificación e coordinación de forma xeral.

Os obxetivos xerais deste obradoiro consisten:

- Mellora da condición física.
- Alcanzar un maior control e coñecemento do propio corpo.
- Desenvolver habilidades e destrezas motoras

- Previr lesións de tipo xeral incidindo en posturas corporais saudables
- Tratar os aspectos psicoemocionais
- Fomentar conductas sociointegradoras.

Obxectivos específicos:

- Incrementar as capacidades de resistencia aeróbica.
- Incrementar a forza e resistencia muscular.
- Mantemento da flexibilidade
- Mellorar a mobilidade articular
- Aplicar a coordinación motora global, ritmo e axilidade.
- Mellorar e favorecer a relaxación
- Reeducar na respiración
- Mellora do coñecemento corporal e o equilibrio
- Incrementar o repertorio de movementos
- Fomentar a socialización e a integración no grupo.

Esta dirixido a persoas maiores de 55 anos e mulleres, e en función das capacidades físicas individuais de cada participante, conformáronse dous grupos, dado que a actividade física é diferente.

Recursos humanos: un monitor de educación física, licenciado en INEF e con especialidade en xerontoloxía

Recursos materiais: Ximnasio do Colexio Público, pelotas, cintas elásticas, aros, etc.

A actividade lévese a cabo dous días a semana: mércores e venres, de 16,30 a 17,30 o primeiro grupo e de 17,30 a 18,30 horas o segundo.

3.8.- Teleasistencia domiciliaria

Este servizo está dirixido ás persoas maiores ou con discapacidade, que viven soas ou que pasan a meirande parte do día en presenza doutras persoas e que necesitan a atención do servizo de Teleasistencia para poderen seguir vivindo non seu propio

domicilio. Tamén a aquelas que, aínda convivindo con outras persoas, estas presentan características de idade ou discapacidade semellantes que ller impidan desenvolverse con total autonomía.

Debido a que a utilización destes servizo require un certo nivel de comprensión e de discernimento por parte das persoas usuarias, exclúense expresamente como beneficiarios/as deste servizo de Teleasistencia Domiciliaria as persoas que teñan recoñecido o nivel de dependencia; as persoas afectadas de enfermidades mentais graves, incluídas as demencias, e tamén as persoas con outras deficiencias de audición (hipoacusias severas, profunda e cofose) e/ou expresión oral, dado que o sistema posibilita a atención ante situacións de emerxencia, principalmente, mediante a comunicación verbal entre a persoa usuaria e o centro de atención.

As persoas que se están beneficiando deste servizo, neste intre son oito, podendo incrementarse o listado en función das demandas.

Orzamento:

1. ACTUACIÓNS EDUCATIVAS E CULTURAIS

Un Inverno de Entroido.....	13.756,11 €
Desfile-Concurso do Entroido.....	3.000,00 €
Lacón con Grelos.....	50.000,00 €
Festa das Letras.....	4.000,00 €
TOTAL	70.756,11 €

2. PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E CULTURAIS

Promoción do noso patrimonio a través da Fundación

Terra Termarum Catrolandín.....	18.000,00 €
Promoción das Festas Populares: Festas Patro...	30.000,00 €

Promoción do deporte como fomento dos valores

educativos..... 25.000,00 €

Promoción de Actividades Extraescolares..... 1.300,00 €

TOTAL 74.300,00 €

3. SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Axuda no fogar 15.000 €

Obradoiros integradores 3.500 €

Programa de discapacidade 5.000 €

Programa de formación de adultos 28.500 €

Programa de axudas ao estudo 3.000 €

Servizo de atención á muller 4.500 €

Programa de ximnasia mantemento 3.500 €

Teleasistencia domiciliaria 1.100 €

TOTAL 64.100,00 €

TOTAL 209.156,11 €